

Stefanie Trojan

Por que utilizas un proceso performativo como medio habitual de expresión?

—Para a primeira pregunta referireime a unha cita de Adrian Piper: «O efecto máis forte que un espectador pasivo pode experimentar é o da confrontación humana (con un mesmo ou entre máis xente). É a experiencia máis agresiva e máis ameazadora; quizais porque as súas consecuencias son as máis difíciles de predicir e controlar.»¹

Cales son as preocupacións fundamentais no teu traballo?

—Eu non produzo imaxes. Traballo coa experiencia. En tempos onde todo é impresionante, rápido e superficial, trato de me centrar entre os espazos das persoas. As miñas observacións rematan en performances creadas para a ocasión e para o lugar. Algunhas partes das performances parecen lembrar situacións que nos poden resultar familiares, moi comúns; non obstante, adoito incorporar pequenos desprazamentos que provocan perplexidade e asombro.

Ante estes «desprazamentos» gustaríanos reaccionar correctamente. Pero... Que é correcto e que non o é? A miúdo, na nosa rutina diaria, existen códigos dos que o significado está condicionado por convencións sociais que nin nos formulamos. **Cando seremos verdadeiramente libres para ser diferentes?**

—Concibo a performance mentres a acción sucede co espectador; a súa reacción completa o meu traballo.

Dáme un mínimo de seis adxectivos que —segundo o teu criterio— definan o que é arte para ti.

—Un espello do seu tempo, reflexionar sobre a cultura, transformar a realidade, a discordia da experiencia, inspiración e emoción.

¹Piper, Adrian: *Talking to Myself: The Ongoing Autobiography of an Art Object*, Hossmann, 1974. p. 128.